

# ALERTA ESCOLAR

O programa Alerta Escolar implica ás Consellerías competentes en materia de educación e sanidade, permite a atención urxente ao alumnado cunha serie de condicións crónicas potencialmente graves como son a diabetes, a epilepsia e as alerxias graves (aínda que progresivamente amplíase o rango de atención).

Para proceder a esta atención é preciso que o centro educativo dea de alta ao alumnado que corresponda a través dun formulario en liña. A partir dese momento a Fundación Pública 061 contactará co centro para darlle as instrucións precisas sobre os pasos a seguir en caso de urxencia e a conservación da medicación correspondente.